

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 8 DE SETEMBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **PROXECTOS DE LEI**

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Proxecto da Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Sergas.

### **DECRETOS**

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se nomea a Sofía López Linares como directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria da Consellería de Sanidade.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense da totalidade da estrada provincial OU-0568 e do treito inicial da estrada provincial OU-0526.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos das estradas provinciais DP-0203, DP-0205 e DP-0206 a prol do Concello de Ames.

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto de produción de hidróxeno renovable H2Pole, nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña), promovido por H2Pole, S.L.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Marín para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino de Marín, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística na Coruña sustentable e dixital, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para aprobar o Programa de mobilización de vivendas para o alugamento incluído no Pacto social pola vivenda 2021-2025.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia coa Mancomunidade do Salnés, para a execución da obra de mellora do bombeo e colector de Cabanelas, para Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa (Pontevedra), por importe dun millón vinte e dous mil oitocentos sesenta e un euros con noventa e seis céntimos (1.022.861,96 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e para eximir da constitución de garantías as entidades beneficiarias ao abeiro do establecido no artigo 67.4 do devandito decreto, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se realiza a convocatoria para as anualidades 2022-2023, por un importe total de vinte e catro millóns cento setenta e oito mil euros (24.178.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza de varios centros de saúde e PAC dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de catro millóns douscentos noventa mil cento vinte e sete euros con corenta e nove céntimos (4.290.127,49 €) IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns cincocentos nove mil trescentos corenta e tres euros con setenta e oito céntimos (8.509.343,78 €) sen IVE.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva e por prezo unitario de material sanitario: sondas de alimentación, urolóxicas, de aspiración, rectais e outras sondas, con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de cinco millóns douscentos noventa e oito mil seiscientos oitenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (5.298.684,87 €) e un valor estimado de nove millóns catrocentos noventa e nove mil novecentos setenta e tres euros con trinta e seis céntimos (9.499.973,36 €).

### **CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a aplicación da gratuidade da atención educativa na escola infantil 0-3 Breogán. Importe: cento cincuenta e un mil oitocentos euros (151.800,00 €).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio para a concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Crecente para o proxecto senlleiro de acondicionamento interior do mercado municipal dentro da categoría de «promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca», por importe máximo de noventa e cinco mil setecentos cincuenta e tres mil euros con sesenta e cinco céntimos (95.753,65 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio para a concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Bande para o proxecto senlleiro de mellora exterior do mercado do Xurés, dentro da categoría de «promoción e posta e valor dos produtos agroalimentarios da comarca», por importe máximo de oitenta e nove mil cento noventa e un euros con setenta e nove céntimos (89.191,79 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe de execución dos programas de fondos estruturais 2014-2020, de fondos REACT e avance do estado dos proxectos financiados co Mecanismo de recuperación e resiliencia.

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a presentación do calendario da vacinación ao longo da vida.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA LLE REMÍTE AO PARLAMENTO A LEI QUE ESTENDERÁ A PROVISIÓN POR CONCURSO DE MÉRITOS ÁS PRAZAS DE DIFÍCIL COBERTURA EN PRIMARIA, COMARCAIS E DE SAÚDE MENTAL**

- Subliña o éxito da convocatoria deste ano de 106 prazas en atención primaria por este sistema e anuncia que o no 2023 vanse convocar 130 novas prazas por concurso en máis especialidades
- A norma garante que especialistas como traumatólogos, radiólogos ou internistas que queiran traballar nun hospital comarcal ou os especialistas en saúde mental que opten a cubrir as novas prazas poidan facelo de xeito áxil
- O Goberno galego quere apurar ao máximo a tramitación desta norma para dar resposta, canto antes, ás necesidades organizativas actuais ante o incumprimento dos compromisos de reforma da lexislación estatal

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta acordou na súa sesión a remisión ao Parlamento para a súa aprobación da normativa que estenderá a provisión por concurso de méritos ás prazas de difícil cobertura en atención primaria, hospitais comarcais e saúde mental. "Na Xunta seguimos a facer todo o que está na nosa man e nas nosas competencias para solucionar o problema de déficit de profesionais sanitarios que é un problema que non só afecta a Galicia", indicou para resaltar que grazas a este novo texto legal, poderáanse "convocar procesos específicos para cubrir vacantes de difícil cobertura, sen exame de acceso, durante un período de tres anos".

O titular da Xunta lembrou a boa acollida que tivo este ano a convocatoria de 106 prazas para atención primaria polo sistema de concurso. "A intención da Xunta é facer novas convocatorias de prazas de difícil cobertura por concurso de méritos e amplialo a novas especialidades", asegurou Rueda, quen explicou que grazas a nova normativa o vindeiro ano vanse convocar "entorno a 130 prazas" para cubrir vacantes de médicos de familia e pediatras en Atención Primaria, dalgunhas especialidades de difícil cobertura en hospitais comarcais e de facultativos e enfermeiros das áreas de saúde mental.

Unha vez publicado polo Sergas no seu Portal de transparencia e goberno aberto, o Consello da Xunta aprobou o seguinte trámite do anteproxecto da Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde, unha norma que o Goberno galego quere apurar ao máximo

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para resolver canto antes as necesidades organizativas actuais e garantir a continuidade asistencial e a calidade dos servizos de asistencia sanitaria en Galicia.

A necesidade de dotarse de máis recursos humanos e cubrir prazas vacantes en zonas de difícil cobertura da Comunidade motivou que a Xunta de Galicia impulsase esta medida legislativa, coa que pretende paliar en parte o déficit de médicos e profesionais sanitarios, unha situación que afecta todas as comunidades autónomas nestes intres, mentres continúa o incumprimento dos compromisos de reforma da lexislación estatal.

Con este obxecto, xa o artigo 35 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, habilitou a Xunta de Galicia para ofertar, polo sistema de concurso, no ano 2022 prazas da nova categoría de facultativo especialista en atención primaria, algo que fixo coa convocatoria en abril deste ano dun proceso selectivo, polo sistema de concurso, para cubrir 106 prazas vacantes nos centros de saúde galegos. A boa acollida deste proceso, en que participan un total de 355 persoas aspirantes para un total de 106 prazas ofertadas, impulsou o Goberno galego a reiteralo e estendelo.

Deste xeito, para continuar abordando as dificultades excepcionais derivadas da situación de escaseza de profesionais e a difícil cobertura de certos postos, e atendendo á avaliación continua e garantía de capacidade e coñecementos que outorga o sistema de formación especializada en Ciencias da Saúde, esta lei, no caso de ser aprobada polo Parlamento de Galicia, habilitará o Servizo Galego de Saúde para convocar procesos selectivos específicos polo sistema de concurso durante un prazo de tres anos desde a entrada en vigor da presente lei, para impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura en tres colectivos concretos.

Por unha banda, a lei abrangue o persoal facultativo especialista dos hospitais dos distritos sanitarios de Cee, A Barbanza, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras e O Salnés.

En segundo lugar, atinxe o persoal da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, creada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e o persoal de pediatría de atención primaria.

Finalmente, inclúese o persoal facultativo/a especialista de área en psiquiatría e psicoloxía clínica e enfermeiro/a especialista de saúde mental necesario para o desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia 2020-2024, co obxecto de asegurar a cobertura dos novos programas previstos no dito plan para a atención sanitaria aos trastornos mentais, con especial énfase nos destinados á atención á infancia e ás persoas maiores, o incremento na cobertura dos programas de

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

intervención comunitaria dirixidos a persoas con trastorno mental grave, así como a atención á saúde mental dos profesionais sanitarios.

En definitiva, a convocatoria do ano que vén ampliarase máis alá da atención primaria – obxecto da convocatoria do pasado ano– estendéndoa tamén ás especialidades máis difíciles de cubrir nos hospitais comarcais e á área de saúde mental. Deste xeito, garántase que especialistas como traumatólogos, radiólogos ou internistas que queiran traballar nun hospital comarcal ou os especialistas en saúde mental que opten a cubrir as novas prazas creadas a través do Plan de saúde mental de Galicia poidan facelo de xeito áxil, ao se substituír o sistema de oposición polo de concurso de méritos.

A normativa recolle tamén outros incentivos para o persoal que cubra as prazas de difícil cobertura na atención primaria e en determinados hospitais comarcais, como un acceso máis rápido ao máximo grao da carreira profesional sanitaria ou unha valoración extraordinaria do tempo de servizos prestados nestes postos á hora de computar méritos en procesos selectivos ou concursos de traslados, así como a priorización da súa participación en actividades formativas e proxectos de investigación.

Co obxecto de que o sistema garanta o obxectivo de cobertura asistencial destas prazas de difícil cobertura, a norma establece a obrigatoriedade da incorporación efectiva e permanente ao servizo activo do persoal que obteña praza a través destes concursos de méritos, así como a necesidade de permanecer un mínimo de dous anos en situación de servizo activo no posto adxudicado antes de optar a un concurso de traslados ou a outro sistema de promoción interna.

### **Actuacións da Xunta ante a falta de reformas no ámbito estatal**

Os trámites que está a seguir esta lei cumpren o compromiso do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que anunciaba o pasado 13 de xullo no Pleno do Parlamento que o Goberno galego volvería realizar o ano que vén unha convocatoria de prazas en propiedade para médicos de atención primaria que queiran ir aos centros «onde son máis necesarios» pola «difícil cobertura» destes postos, e que estendería esta iniciativa ás prazas de especialistas nos hospitais comarcais e ás de saúde mental, destacando o incentivo que supoñen tanto a estabilidade laboral ofrecida como a axilidade do sistema de acceso.

Esta necesidade de incentivar as prazas de difícil cobertura fora xa obxecto dun acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobado por unanimidade en abril de 2018, no cal se establecía a necesidade de reformar a lexislación do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para tal efecto, un acordo que permanece incumplido desde entón, mesmo tras solicitar expresamente a Xunta de

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia que se incluíse na reforma do Estatuto marco que o Goberno de España acaba de lles remitir ás Cortes Xerais.

Do mesmo xeito, o impulso do sistema de concurso para a selección de persoal sanitario especialista é unha recomendación incluída no ditame da Comisión para a reconstrución social e económica creada no Congreso dos Deputados, que continúa sen cumprirse por parte do Goberno de España dous anos despois da aprobación dese ditame.

Nese contexto, e á espera do cumprimento dos compromisos de reforma da normativa básica estatal, a Xunta de Galicia opta por tomar medidas recollidas como extraordinarias dentro do actual marco legislativo, para o que require dunha habilitación legal específica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA NOMEA A SOFÍA LÓPEZ LINARES COMO NOVA DIRECTORA XERAL DE PLANIFICACIÓN E REFORMA SANITARIA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- A nova directora xeral é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Oviedo, e é especialista no eido da medicina familiar e comunitaria
- Durante os máis de 30 anos de traxectoria profesional con que conta, a nova responsable de Planificación e Reforma Sanitaria compatibilizou o seu labor asistencial con diferentes cargos vencellados á xestión de distintos centros de saúde do Sergas

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se dispón o nomeamento de Sofía López Linares como nova directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria da Consellería de Sanidade, cargo no que substitúe a Estrella López-Pardo.

A nova directora xeral é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Oviedo, e é especialista no ámbito da medicina familiar e comunitaria. Ademais, tamén completou, entre outros, o Curso superior de xestión en atención primaria; o Curso de avaliación da calidade asistencial en atención primaria; e diferentes xornadas vencelladas aos novos retos da xestión sanitaria.

Durante os máis de 30 anos de traxectoria profesional con que conta, López Linares simultaneou o seu labor asistencial con outros cargos de responsabilidade vinculados á xestión de diferentes centros de saúde do Sergas. Así, ademais de exercer a medicina desde o ano 1991 na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, tamén ocupou o cargo en funcións de coordinadora da Unidade de Docencia da Xerencia desta área e o de xefa de unidade de Atención Primaria no centro de saúde de Quiroga.

Na actualidade, ocupaba o cargo de xefa de servizo no centro de saúde Illas Canarias de Lugo, labor que viña desempeñando desde o ano 2015. López Linares tamén exerceu ata o de agora como titora da Unidade Docente da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria.

Xunto co anterior, na súa actividade como docente, a nova directora xeral foi colaboradora do Departamento da Área de Coñecemento en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela entre os anos 2016 e 2022, e impartiu diferentes ciclos formativos vencellados á actividade asistencial e á xestión da atención primaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, López Linares participou na redacción do documento *Por unha atención primaria vertebradora* e en diferentes grupos de traballo vencellados á elaboración das axendas de calidade; á elaboración e seguimento do Plan de atención integral da demanda (Xide), así como na elaboración dos protocolos XED (Xestión da demanda de enfermaría). Todos eles son liñas de traballo estratéxicas da nova dirección xeral que dirixirá na Consellería de Sanidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE OURENSE DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírense a totalidade da vía OU-0568, coincidente coa rúa Quintián-Alejandro Pedrosa, e o treito inicial da estrada OU-0526, que une Ourense con Amoeiro
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade destas estradas provinciais, o Concello terá a competencia para actuar nesos treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense das estradas provincias OU-0568, denominada rúa Quintián-Alejandro Pedrosa, e do treito inicial da OU-0526, que comunica a cidade ourensá co municipio de Amoeiro.

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou o cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense da totalidade da estrada OU-0568 e do treito inicial da OU-0526, cambio aceptado pola Xunta de Goberno local do Concello.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destas dúas estradas provinciais. En concreto, transfírense a totalidade dos algo máis de 1,1 km de lonxitude da estrada OU-0568, entre os puntos quilométricos 0 a 1+140, e os case 600 metros de lonxitude do treito inicial da OU-0526, desde o punto 0 ao 0+507.

A transferencia a prol do Concello de Ourense tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.


#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello de Ourense terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ámbito dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE AMES DE TRES TREITOS DE VÍAS PROVINCIAIS

- Pasarán a formar parte da rede municipal de Ames as vías que unen Bertamiráns con Augapesada e coa Ramallosa e o treito urbano da estrada do Milladoiro a Biduído
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade a entidade local terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello de Ames de varios tramos de estradas provinciais: da DP-0203 de Bertamiráns a Augapesada; da DP-0205 de Bertamiráns á Ramallosa; e do treito urbano da DP-0206, do Milladoiro a Biduído.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou o cambio de titularidade a prol do Concello de Ames dos 425 metros de lonxitude que suman dous treitos antigos da estrada provincial DP-0203 (DP-0203-1R e DP-0203-2R), de Bertamiráns a Augapesada; tamén do treito de preto de 700 metros de lonxitude da DP-0205, de Bertamiráns á Ramallosa; e do tramo urbano da DP-0206, do Milladoiro a Biduído, de case 300 metros de lonxitude. A transferencia destes tramos das vías provinciais foi aceptada pola Xunta de Goberno local do Concello de Ames.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destes treitos.

A transferencia a prol do Concello de Ames tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.



Co cambio de titularidade aprobado hoxe, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos de vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ámbito dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade:



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CURRÍCULO DE INFANTIL, QUE FAI FINCAPÉ NA INTRODUCIÓN Á LECTURA, A EDUCACIÓN DIXITAL E A PROMOCIÓN DO ESTILO DE VIDA SAUDABLE**

- Remata así a tramitación administrativa do decreto desta etapa educativa cuxo contido xa é público desde o pasado mes de abril
- Para atallar o atraso do Goberno central en publicar a parte estatal, hai cinco meses que a Consellería de Educación puxo á disposición da comunidade educativa os textos de todos os currículos co fin de que os equipos directivos puidesen planificar a organización do curso escolar
- Os currículos inclúen os contidos e competencias que o estudantado debe aprender ao longo de cada etapa
- No caso de infantil, na parte autonómica dáse un maior peso á titoría e regúlanse por primeira vez aspectos como os referentes de avaliación do alumnado e o dereito das familias á participación e información
- Na área de coñecemento da contorna introdúcese un bloque de contidos relativos á contorna social en que, entre outros, se favorece o coñecemento da cultura galega desde unha perspectiva aberta e integradora

O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil en Galicia adaptado á LOMLOE, que será publicado no *Diario Oficial de Galicia* os vindeiros días.

Conclúen así en prazo os trámites administrativos deste texto cuxo contido xa é coñecido desde o pasado mes de abril, cando a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade presentou os currículos de todas as etapas educativas co fin de garantir a organización e planificación deste curso e minimizar o impacto da tardanza do Goberno central en aprobar a parte estatal.

O decreto de Educación Infantil abrangue a etapa de cero a seis anos e nel –a través de 31 artigos estruturados en tres títulos, un título preliminar e varias disposicións– recóllense os contidos e competencias que os nenos deben adquirir nesta primeira etapa da súa vida.

No documento abórdanse cuestións como a organización das áreas de toda a etapa, a súa estrutura curricular ou os obxectivos e criterios de avaliación, entre outros. A organización da etapa vértase sobre ciclos, todo isto desde unha perspectiva global e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

integradora e, sobre todo, cunha actualización curricular completa máis acorde cos retos de futuro.

A etapa de infantil presenta unha nova estrutura curricular con tres áreas: Comunicación e representación da realidade, Crecemento en harmonía e Descubrimento e exploración da contorna (antes denominado Coñecemento do contorno). Precisamente nesta última área, na parte galega do currículo engádese un bloque de contidos sobre a contorna social, xa que as ensinanzas mínimas do Ministerio se centran na contorna natural e esquecen a social.

Por exemplo, neste bloque introdúcense obxectivos como identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da Comunidade, apreciando elementos significativos da cultura galega como base para a construción da identidade social. O obxectivo é garantir unha precisa conexión escola-medio e favorecer, de xeito progresivo, o acceso do alumnado ao coñecemento e á valoración da cultura galega mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes propios e sempre respectando a diversidade cultural da contorna desde unha perspectiva aberta e integradora.

Entre as novidades cómpre destacar que, por primeira vez, se regulan certos plans educativos relacionados coas bibliotecas escolares e a aproximación á lectura e o impulso da educación dixital. Precisamente o uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables nesta etapa, que son esenciais para o seu desenvolvemento.

Tamén se introducen as competencias clave que se terán que ir desenvolvendo ao longo das etapas de primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato para lograr un enfoque de aprendizaxe competencial.

### **Reforzo de titorías e criterios de avaliación**

Outro dos aspectos que cómpre salientar é o maior peso da titoría e orientación, sobre todo no que atinxe á atención á diversidade. Establécese un intercambio de información entre titores e familias con periodicidade trimestral, que debe incluír valoracións por áreas, así como sobre a integración socioeducativa do neno.

Tamén se regulan, por primeira vez, os referentes de avaliación do alumnado e o dereito das nais e pais á participación e información a través da cooperación e da participación

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no proceso educativo dos seus fillos. Ademais introdúcense pautas obxectivas para os documentos de avaliación como as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e os informes finais por etapa.

No referido á avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto con esta técnica principal, doutras cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais. Polo tanto, o novo decreto define con maior precisión o tipo e as características dos instrumentos de avaliación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA DECLARA COMO PRIMEIRO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DA COMUNIDADE UNHA PLANTA DE HIDRÓXENO VERDE NAS PONTES**

- Promovido por Reganosa e EDP Renovables España, H2Pole suporá un investimento de 156 millóns de euros e impulsará a creación de máis de 60 empregos directos
- O proxecto está integrado por unha planta de produción de hidróxeno verde cunha capacidade final de 100 MW –dos cales 20 MW se desenvolverán na primeira fase– e polas liñas e subestacións necesarias para a alimentación eléctrica renovable da planta, así como as canalizacións para a distribución do hidróxeno, tanto para a inxección na rede de transporte de gas como a clientes directos
- O obxectivo é o desenvolvemento do uso de hidróxeno renovable para os diferentes usuarios finais e contribuír tanto á descarbonización do sector enerxético como a potenciar unha área especialmente afectada pola deslocalización industrial, como é o concello das Pontes de García Rodríguez
- A declaración enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e permitirá reducir os prazos da tramitación á metade mantendo todas as garantías xurídicas durante o procedemento

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a declaración do primeiro proxecto industrial estratéxico de Galicia. Trátase da iniciativa H2Pole promovida por Reganosa e EDP Renovables España para a implantación dunha planta de hidróxeno verde no concello das Pontes de García Rodríguez.

Cun investimento de 156 millóns de euros, este proxecto impulsará a creación de máis de 60 empregos directos, aos cales se sumarán máis de 2500 empregos indirectos. H2Pole consiste nunha planta de produción de hidróxeno verde cunha capacidade nominal prevista de ata 100 MW –realizarase a través de tres fases: unha inicial de 20 MW, unha ampliación ata 50 MW e un escalado final ata os 100 MW–, e polas liñas e subestacións necesarias para a alimentación eléctrica renovable da planta, así como as canalizacións para a distribución do hidróxeno, tanto para a inxección na rede de transporte de gas como a clientes directos. O obxectivo é que a primeira fase estea operando no ano 2025 e a última antes do ano 2030.

A través deste proxecto, os seus promotores pretenden desenvolver o uso de hidróxeno renovable para os diferentes usuarios finais –desde particulares a industria pasando polos usos na área de mobilidade– e contribuír tanto á descarbonización do sector

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enerxético como a potenciar unha área especialmente afectada pola deslocalización industrial, como é o concello das Pontes de García Rodríguez, un dos municipios que forma parte dos convenios de transición xusta. Neste sentido, este proxecto –que está na lista de iniciativas que poden tamén optar aos fondos de transición xusta que xestiona a Xunta de Galicia– xerará beneficios polo impacto tractor na área, ofrecendo novas oportunidades ás pemes e impulsando cadeas loxísticas sustentables. Con esta intención de promover un novo ecosistema, Siemens Energy xa se incorporou como socio tecnolóxico e prevese a colaboración coa fábrica de turbinas de Navantia en Ferrol.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos –agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos– mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

Xunto con este proxecto, outros dous iniciaron a súa tramitación para obter a declaración: a planta de pneumáticos de Sentury Tire nas Pontes e a de metanol verde de Mugardos, promovida por Forestal del Atlántico. Para obter a declaración, os proxectos deben cumprir con dous dos tres seguintes requisitos: un volume de investimento mínimo de 20 M€, a creación como mínimo de 100 postos de traballo directos, así como que complementen cadeas de valor ou pertencen a sectores considerados estratéxicos e aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento Next Generation. H2Pole cumpre co primeiro requisito e co terceiro.

Ademais, Galicia conta tamén con outras 15 iniciativas empresariais prioritarias, que suman investimentos por máis de 720 millóns de euros e un compromiso de máis de 660 postos de traballo. É o caso, por exemplo, dos proxectos de Armonía Green Galicia (A Coruña), Bioenergía A Coruña ou Valogreene Recinor (As Somozas).

A Xunta de Galicia contribúe, deste xeito, a acompañar o desenvolvemento industrial nun momento complicado debido ao prezo eléctrico, a inflación e a invasión de Ucraína e aposta por proxectos que, tal e como se recolle nas propostas trasladadas ao Goberno central para o Plan de continxencia, poden supoñer unha diversificación tecnolóxica que free a dependencia do gas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DOS CONVENIOS COS CONCELLOS DA CORUÑA E MARÍN PARA A EXECUCIÓN DOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE EN DESTINO POR IMPORTE DE 5 MILLÓNS DE EUROS

- O Plan Coruña sustentable e dixital conta con 3 millóns de euros e o Plan de sustentabilidade turística en destino de Marín conta con 2 millóns de euros
- O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística nestes destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción de dous convenios de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos da Coruña e Marín para a execución do Plan de sustentabilidade da Coruña sustentable e dixital e para o Plan de sustentabilidade en destino de Marín, que contan entre ambos cun investimento de 5 millóns de euros.

O Plan Coruña sustentable e dixital conta con 3 millóns de euros e ten como obxectivos estratéxicos impulsar a competitividade como destino turístico, Coruña Surf City, fomentar a actividade turística para a inclusión de veciños e viaxeiros e garantir a sustentabilidade ambiental da Coruña. As súas actuacións inclúen mobilidade sustentable, mediante un bus eléctrico, a creación dunha oficina turística virtual, comunicación e sinalética dixital, entre outros.

Por outra banda, o Concello de Marín concorreu á convocatoria dos plans en destino presentando o proxecto Plan de sustentabilidade turística en destino de Marín, no cal están incluídas a restauración ambiental do lago Castiñeiras; piscinas naturais no bordo; a creación dunha estación BTT e un sistema de préstamo de bicicletas e monopatíns eléctricos; a creación dunha rede de sendeiros en espazo natural; a renovación da iluminación en praias; espazos de lecer e parques; senda peonil e ciclable á praia; sinalización turística dixital; creación de web e redes sociais; centro de recepción de visitantes, así como litoral.

O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística nestes destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, co fin de beneficiar tanto os ditos destinos turísticos como os axentes sociais e os operadores privados do sector.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA O IMPULSO DUN NOVO PROGRAMA DE MOBILIZACIÓN DE VIVENDAS CON INCENTIVOS PARA OS PROPIETARIOS QUE ALUGUEN OS SEUS INMOBLES A PREZOS ACCESIBLES**

- Destacou que a Xunta vai ofrecer unha serie de garantías aos particulares para que superen “as reticencias” que poden ter para poñer “a súa vivenda baleira en aluguer”
- Administradores de predios e axentes inmobiliarios colaborarán co IGVS na iniciativa, localizando vivendas que reúnan os requisitos para participar, incorporándoas a unha plataforma de xestión común e formalizando os contratos correspondentes
- Os titulares das vivendas adheridas disporán de seguros gratuítos de impagamento e multirrisco do fogar, recibirán asistencia xurídica en caso necesario e poderán acceder a axudas públicas para acometer as reformas necesarias nos inmobles
- Para poder beneficiarse do programa, os arrendatarios deberán estar inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia e acreditar uns ingresos anuais que se movan entre un mínimo de 8.106,28 euros e un máximo de 36.478,26 euros
- O importe máximo que se pagará moverase entre os 400 € e os 600 € ao mes, segundo o concello, e os inquilinos poderán acceder ás axudas ao alugueiro que ofrece a Xunta

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Goberno galego impulsará este ano un novo programa de mobilización de vivendas para o alugamento, *Vivendas Vivas*, co obxectivo de facilitarlle á cidadanía o acceso a un fogar a prezos accesibles dada a “alza das rendas de alugamento das vivendas e a escaseza de inmobles que están destinados para tal fin”. Desta forma, a Xunta agarda que, nunha primeira fase, “entre 250 e 300 inmobles” que actualmente non se atopan en uso pero que reúnen as condicións necesarias poidan incorporarse ao mercado de alugamento grazas a esta iniciativa.

Rueda, durante a reunión semanal do Executivo autonómico, explicou que a Xunta quere axudar a que “os propietarios superen as reticencias que aínda poden ter á hora de poñer a súa vivenda baleira en alugamento”. Así, a través da iniciativa, que será xestionada directamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), o Goberno autonómico ofrecerá unha serie de garantías e incentivos aos propietarios para animalos a sumarse ao programa e apoiarse en profesionais do sector e no seu coñecemento do panorama inmobiliario para garantir o seu correcto funcionamento e a incorporación do maior número posible de inmobles de titularidade privada.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta establece que o novo programa se desenvolverá a través da colaboración cos axentes da propiedade inmobiliaria, cos administradores de predios e con aquelas persoas que se dediquen profesionalmente ao exercicio da actividade de mediación inmobiliaria durante, polo menos, os cinco anos anteriores.

Estes axentes colaboradores —cualificación que deberán solicitar con carácter previo para poder participar na iniciativa— serán os encargados de localizar e captar vivendas que reúnan os requisitos axeitados, publicalas despois na aplicación informática creada para o efecto pola Xunta e asinar os contratos de alugamento entre arrendador e arrendatario.

Os propietarios que decidan adherirse ao programa e poñer as súas vivendas dispoñibles á disposición da Xunta e dos seus colaboradores terán garantidos seguros gratuitos fronte a impagamentos e multirrisco do fogar —cuxo custo asumirá o IGVS—, así como asistencia xurídica en caso necesario durante un prazo máximo de cinco anos, contados desde a subscripción do contrato de arrendamento.

Así mesmo, segundo sinalou o presidente da Xunta, outra das vantaxes para os arrendadores das vivendas é que “os beneficiarios deste programa poderán acceder a unha vivenda a prezos controlados e accesibles, sen ter por iso que renunciar ás axudas ao alugueiro, pois son plenamente compatibles”. Desta forma, poderán acceder a axudas públicas a través do programa Rehaluga. Trátase dunha medida complementaria do IGVS, pendente aínda de convocatoria e pensada para axudar a poñer a punto inmobles que, tras un tempo desocupados, poden requirir certas reformas ou unha rehabilitación integral antes da súa incorporación ao mercado de alugamento.

En canto aos inquilinos, o programa está concibido para persoas que figuren inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia na modalidade de alugamento. Ademais, deberán destinar o inmovible durante todo o ano á súa vivenda habitual e acreditar que os ingresos da unidade de convivencia se moven entre 1 e 4,5 veces o IPREM —é dicir, un mínimo de 8.106,28 euros anuais e un máximo de 36.478,26 euros—.

Grazas ao programa, as persoas que cumpran estes requisitos conseguirán unha vivenda a prezos accesibles e, ademais, terán a posibilidade de beneficiarse dalgunha das subvencións ao alugueiro xestionadas pola Xunta: o bono de alugueiro social, as axudas directas ao alugueiro ou o novo bono alugueiro mocidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, o importe da renda mensual non poderá superar os 600 euros ao mes nas cidades da Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra e Ourense; os 500 euros se a vivenda está en Ferrol, Lugo e nas principais vilas e concellos periurbanos; e os 400 euros no resto.

A incorporación de vivendas ao programa dependerá das propias entidades, empresas e profesionais do sector que progresivamente se vaian adherindo. Así, nas vindeiras semanas está previsto que se publique no DOG o acordo autorizado hoxe, de xeito que a partir do día seguinte se abrirá o prazo para que os axentes inmobiliarios e administradores de predios poidan solicitar a cualificación de axente colaborador.

Desde ese momento e grazas á aplicación informática que está ultimando nestes momentos a Amtega, poderanse empezar a incorporar ao sistema as primeiras vivendas co obxectivo de que a comezos do próximo ano o programa estea en pleno funcionamento e se subscriban os primeiros contratos de alugamento.

### **Unha medida do Pacto social pola vivenda**

A creación dun programa de mobilización de vivendas para o alugamento foi unha das medidas incluídas no Pacto social pola vivenda 2021-2025, asinado en xaneiro de 2021 entre Xunta, a Fegamp e diversos axentes e colectivos profesionais do sector.

O obxectivo común é contribuír a mobilizar o maior número posible de inmobles sen uso para a súa incorporación ao mercado de alugamento a prezos accesibles, nun momento en que a oferta inmobiliaria non parece capaz de absorber toda a demanda existente e os prezos dos alugueiros van en aumento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS PARA REFORZAR O SISTEMA DE SANEAMENTO DOS CONCELLOS DE VILANOVA DE AROUSA, RIBADUMIA E CAMBADOS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€**

- Esta actuación permitirá solucionar as deficiencias da estación de bombeo de augas residuais de Cabanelas, evitando os frecuentes problemas de alivio ao río Umia
- Modificarase o trazado da impulsión para que verta directamente á nova depuradora de Ribadumia, sen pasar polo bombeo de Barrantes
- A Xunta asume o financiamento, a contratación e a execución das obras, que se prevé licitar neste mes para que poidan estar en execución a finais do primeiro semestre do 2023
- A estación de bombeo reformada de Cabanelas proxéctase para unha poboación máxima na época estival de 939 habitantes para o ano horizonte 2042
- O Goberno galego mantén o seu apoio aos concellos, co compromiso de investir máis de 44,5M€ na mellora do saneamento de Cambados, de Vilanova e de Vilagarcía de Arousa, xunto coa nova depuradora de Vilagarcía, para o saneamento integral da ría

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre o Goberno galego e a Mancomunidade do Salnés para reforzar o sistema de saneamento dos concellos de Vilanova de Arousa, de Ribadumia e de Cambados, que suporá un investimento autonómico de máis de 1 millón de euros.

O obxectivo da actuación é solucionar as deficiencias da estación de bombeo de augas residuais de Cabanelas, evitando os frecuentes problemas de alivio ao río Umia.

Para iso modificarase o trazado da impulsión do bombeo de Cabanelas para que verta as súas augas directamente á nova estación depuradora de augas residuais de Ribadumia, sen pasar previamente polo bombeo de Barrantes, como sucede na actualidade. Para isto, efectuaranse modificacións nos bombeos de Cabanelas e Barrantes para adaptalos á nova situación e aos caudais de bombeo.

Mediante este acordo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, asume integramente o financiamento, impulsando estas obras incluídas no Plan de saneamento local da ría de Arousa, marxe esquerda, redactado pola entidade hidráulica da Xunta.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo esta colaboración técnico-financeira coa Mancomunidade do Salnés, Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, Augas de Galicia prevé licitar este mes as obras, que teñen un prazo de 6 meses. O obxectivo é telas en execución a finais do primeiro semestre de 2023.

Os concellos, como beneficiarios desta colaboración e nas súas competencias de saneamento e depuración, tiveron que aprobar o proxecto en Pleno municipal, poñer os terreos á disposición e asumir o compromiso de recepción e explotación das actuacións.

As obras estarán cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

### **O obxecto das actuacións**

Mediante a colaboración autorizada hoxe pola Xunta impúlsanse as actuacións necesarias para solucionar as deficiencias da estación de bombeo de augas residuais de Cabanelas e mellorar os sistemas de saneamento destes concellos.

O bombeo de Cabanelas, pertencente á rede de saneamento xestionada pola Mancomunidade do Salnés, recibe augas residuais domésticas e industriais, e xera importantes alivios contaminantes en tempo de choiva.

Para resolver esta problemática, as obras prevén a modificación do trazado da impulsión do bombeo de Cabanelas, para o que se instalaran 1.780 metros de impulsión.

No bombeo de Cabanelas realizaranse as seguintes melloras: substituiranse as 3 bombas existentes (2+1) para adaptarse ao novo caudal de deseño 56,4 l/s, instalarase un tambor antiarriete de 3.000 litros e substituirase o cadro eléctrico, que se encontra aloxado nunha construción tipo hórreo contigua ao pozo de bombeo, construída para este fin durante a execución do bombeo no ano 2000.

A estación de bombeo reformada de Cabanelas proxéctase para unha poboación máxima na época estival de 939 habitantes para o ano horizonte 2042.

Unha vez executado o bombeo de Cabanelas e a súa nova impulsión, será preciso adaptar o bombeo de Barrantes ao seu novo caudal de funcionamento, xa que vai deixar de recibir o caudal que impulsa actualmente o sistema de Cabanelas cara a el.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para adaptar este sistema ao novo caudal máximo demandado, 125 l/s, substituirase o rodete actual por un de menor diámetro, 255 mm no lugar de 278 mm. Con este cambio, e funcionando as dúas tubaxes de impulsión, obtense un caudal máximo impulsado con dúas bombas de 136,4 l/s.

O Goberno galego segue investindo e traballando para axudar os concellos nas súas competencias municipais e para avanzar no saneamento integral da ría de Arousa, esencial para a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou o turismo, ademais de para o ambiente e a saúde pública.

Cómpre lembrar que, no marco das actuacións previstas no Plan de saneamento local, a Xunta ten previsto desenvolver nos próximos anos importantes actuacións, que sumarán un investimento total de máis de 44,5 M€ para mellorar o saneamento da marxe esquerda da ría de Arousa. Trátase das obras proxectadas para a mellora do saneamento de Cambados, de Vilanova e de Vilagarcía de Arousa, así como a construción da nova estación da depuradora de augas residuais, tamén en Vilagarcía.

Para afondar no apoio aos concellos nunhas competencias que son complexas, a Xunta impulsou a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, en vigor desde o 1 de setembro, co obxectivo último de garantir a calidade e a eficiencia nos servizos de abastecemento, saneamento e depuración aos veciños e acadar unha xestión máis profesionalizada da auga.



Imaxe 2 Planta resumen actuacións bombeos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ A INSERCIÓN LABORAL DE MÁIS DE 3.700 PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO POR RIBA DOS 24 M€**

- O Goberno galego promove a creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo en 122 centros especiais de emprego (CEE) rexistrados
- O orzamento global destas achegas elévase un 20,9 % na nova convocatoria prevista para as anualidades 2022-2023
- Prevese crear máis de 100 postos de traballo indefinido e apoiar a contratación de 108 profesionais nas unidades de apoio dos CEE, que prestarán servizo a 639 persoas
- Coa medida a Xunta outorgará ata 25.000 euros pola xeración de postos indefinidos para traballadores con especial dificultade para a inserción

O Goberno destinará 24,1 millóns de euros no período 2022-2023 ás axudas dirixidas a favorecer a empregabilidade das persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego (CEE). Esta contía supera nun 20,89 % o orzamento inicial da anterior convocatoria e con ela agárdase poder beneficiar máis de 3.700 persoas traballadoras con discapacidade e crear máis de 100 postos de traballo indefinido.

A Xunta dirixe estas achegas aos 122 CEE que constan no Rexistro Administrativo da Comunidade. Grazas a elas contrataranse tamén 108 profesionais para dar apoio nos centros a 639 persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo.

Con esta actuación a Xunta abrirá tres liñas de axuda: a 1ª, para o mantemento do custo salarial nos CEE; una 2ª para financiar as unidades de apoio á actividade profesional; e unha 3ª que promoverá a creación de postos estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica nestes centros.

A liña máis dotada, con 21,8 M€, destinarase a manter os custos salariais e os empregos das persoas traballadoras con discapacidade nos CEE, que recibirán importes equivalentes ao 50 % do salario mínimo interprofesional (SMI) e do 60 % no caso de se tratar de persoas con condicións de especial dificultade para a inserción laboral (discapacidade psíquica maior ou igual ao 33 % e/ou discapacidade física ou sensorial do 65 % ou maior).

Destinarase un total de 1,2 millóns, pola súa banda, a financiar os custos salariais da contratación indefinida do persoal das unidades de apoio a esas persoas con maiores obstáculos para atopar traballo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O resto, 1,1 millón de euros, distribuirase en achegas para dar estabilidade aos postos de traballo mediante a contratación indefinida (máximo de 7 postos por centro subvencionables) con incentivos de ata 25.000 euros por posto creado a xornada completa en función das características da persoa traballadora; para a adaptación de postos de traballo ás condicións das persoas con ata 2.000 euros por cada un; e para financiar as asistencias técnicas nos CEE –con apoios que irán dos 1.000 euros ata os 15.000 euros en función da modalidade– para o desenvolvemento de auditorías, contratación de persoal de dirección, certificados de calidade, informes económicos, etc.

Con esta iniciativa o Goberno galego está a favorecer a integración laboral de persoas con discapacidade no sistema produtivo a través dos centros especiais de emprego, un mecanismo que pode servir de tránsito ao seu paso ao mercado ordinario de traballo.

Nos últimos 12 anos, o número de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia multiplicouse por máis de dúas veces e media, pasando das 1.296 persoas de 2009 ás 3.713 de 2021.

As axudas que hoxe se aprobaron no Consello insírense no Plan Emprega discapacidade-exclusión social, que este ano ten en marcha a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, con 40 M€ de orzamento destinado a favorecer a empregabilidade e a formación para o emprego adaptada ás necesidades destes colectivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA LIMPEZA DE MÁIS DUNHA VINTENA DE CENTROS DE SAÚDE E PAC DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE**

- O orzamento para os 2 anos de duración inicial desta contratación ascende a 4.290.217 euros
- Incorpora os novos centros construídos pola Xunta nos últimos anos nesta área, así como aqueles centros de titularidade municipal que foron asumidos polo Sergas

O Consello da Xunta autorizou na reunión celebrada hoxe a contratación e a prestación do servizo de limpeza dun total de 23 centros de saúde e puntos de atención continuada dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee, por un importe total de 4.290.127 euros –con IVE– e cunha duración inicial de 2 anos.

O contrato incrementa en 262.809 euros o do exercicio 2021, xa que incorpora 16 novos centros. Boa parte deles correspóndense con centros construídos polo Sergas nos últimos anos nesta área sanitaria, como os de Buño (Malpica); O Temple (Cambre), O Portádego (Culleredo); Vilarrodís (Arteixo) ou o PAC de Cee. Tamén se incorporan centros de saúde que anteriormente dependían dos concellos e cuxa titularidade foi traspasada á Xunta nos últimos anos; como os de Irixo; Laxe; Santa Cruz (Oleiros); Paderne; Ponteceso; Présaras (Vilasantar) ou Vimianzo, así como o centro de saúde da Laracha, cuxo PAC foi tamén obxecto de reforma de ampliación nestes anos.

A contratación da limpeza destas instalacións sanitarias, que prevé 2 anos de duración – os anos 2023 e 2024 –, farase mediante procedemento aberto e o seu valor estimado ascende a máis de 8,5 millóns de euros. A finalidade do contrato é que, cos medios técnicos e humanos adecuados, se acometan as tarefas de limpeza, tanto interior como exterior destes centros sanitarios e das súas dependencias, e que todas as instalacións estean nun estado óptimo.

O Consello da Xunta do pasado 4 de agosto aprobaba tamén a contratación do servizo de limpeza do Hospital Universitario da Coruña e do Hospital Abente y Lago, dependentes tamén da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A CONTRATACIÓN DE SONDAS DE USO MÉDICO PARA AS ÁREAS SANITARIAS POR IMPORTE DE 5,2 MILLÓNS DE EUROS**

- Adquiriranse sondas de alimentación, urolóxicas ou de aspiración, dispositivos de complexidade pero de suma importancia na actividade asistencial das áreas
- Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta puxo en marcha nos últimos anos con importantes aforros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración de sondas de alimentación, urolóxicas, de aspiración, rectais e outras sondas con destino ás distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de 5.298.684 euros durante os vindeiros 3 anos.

Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta puxo en marcha nos últimos anos para acadar importantes aforros e evitar variacións significativas nos prezos dos materiais. No caso das sondas, trátase da segunda contratación centralizada deste tipo de material.

As sondas de uso médico permiten obter unha vía de acceso a un espazo do organismo para drenar, aspirar ou administrar fármacos, nutrición e outros. Trátase de dispositivos de complexidade técnica moderada, pero de suma importancia na actividade asistencial e imprescindibles para o traballo diario nos centros sanitarios.

O obxecto desta contratación é asegurar a subministración deste material sanitario ás distintas áreas, garantindo a mellor asistencia sanitaria aos usuarios que o requiran e procurando as mellores condicións técnicas. A Xunta busca tamén con esta nova contratación adquirir material sanitario coa maior funcionalidade de uso para os profesionais e para os doentes.

A Xunta tomou a decisión de centralizar a compra deste material no ano 2018, o que lle permitiu aforrar á Administración galega un 14,4 % nas compras anuais de sondas desde esa data. Polo tanto, esta segunda licitación deste contrato de material sanitario supón continuar con esa experiencia de xestión eficiente dos recursos públicos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO CONVENIO DE ADHESIÓN Á GRATUIDADE DA ESCOLA INFANTIL BREOGÁN DA USC

- Trátase do único centro que, debido ao seu modelo de titularidade e xestión, precisa dun acordo específico para beneficiarse desta medida
- Estará dotado con máis de 150.000 euros para cubrir os gastos das prazas infantís que oferta durante todo este curso

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de adhesión da escola infantil Breogán, dependente da Universidade de Santiago de Compostela (USC), ao programa de gratuidade que puxo en marcha a Consellería de Política Social e Xuventude. Con este acordo todos os nenos, preto de 80, terán unha atención educativa de oito horas sen pagar nada.

O centro de educación infantil da USC é o único dependente dunha universidade galega que, debido ao seu modelo de titularidade e xestión, precisa dun acordo específico para adherirse a esta medida. Así, o Goberno galego achegará a través deste convenio máis de 150.000 euros para cubrir a gratuidade durante todo este curso 2022/23.

Deste xeito, a escola infantil Breogán súmase á gratuidade, que este curso beneficiará a máis de 30.000 familias. A Xunta de Galicia inviste máis de 50 millóns euros por curso nesta medida pioneira, que lles permite aforrar aos pais entre 1500 euros e 2000 euros por fillo ao ano. Ademais, as familias non teñen que facer nada para verse beneficiadas pola gratuidade, xa que todo o trámite é realizado entre os centros e a Administración autonómica.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 200.000 EUROS NA MELLORA DOS MERCADOS DE CRECENTE E BANDE PARA GARANTIR A PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DESAS ZONAS**

- O Consello do Goberno galego analizou hoxe os convenios que asinará a Consellería do Medio Rural cos respectivos concellos, para a execución de cadanseu proxecto senlleiro en espazos que se configuran como lugares de relación veciñal e como catalizadores da poboación
- No caso de Crecente, destinaranse case 96.000 euros ao acondicionamento interior do mercado municipal, mentres que en Bande se incidirá na mellora exterior do mercado do Xurés cun orzamento próximo aos 90.000 euros
- A mellora de ambos os mercados repercutirá positivamente tanto nos propios vendedores, que verán potenciados os seus puntos de venda, como nos consumidores, que gozarán –en ambos os casos– dunhas instalacións óptimas para facer as súas compras

O Consello da Xunta analizou hoxe os convenios que asinará a Consellería do Medio Rural co concello pontevedrés de Crecente e co ourensán de Bande para financiar, con preto de 200.000 euros de subvencións directas, o acondicionamento e mellora dos seus respectivos mercados. Estas iniciativas enmárcanse dentro dos proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de cara á promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios en espazos que se configuran como lugares de relación veciñal e como catalizadores da poboación.

No caso de Crecente, prevese unha axuda de 95.753,65 euros para o acondicionamento interior do mercado municipal. Así, as actuacións centraranse na estrutura, na fachada, nas obras de carpintaría, nas instalacións de fontanaría, en traballos de electricidade e de prevención de incendios, así como nos revestimentos, no equipamento e na xestión de residuos, entre outros aspectos.

No que respecta a Bande, o obxectivo é mellorar o exterior do mercado do Xurés, cunha achega pública de 89.191,79 euros. Neste caso, inclúense labores de demolición e acondicionamento, obras de fachada e de acceso, traballos de carpintaría exterior e de xestión de residuos, entre outros.

Cabe destacar que a mellora de ambos os mercados repercutirá positivamente tanto nos propios vendedores, que verán potenciados os seus puntos de venda, como nos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consumidores, que gozarán –en ambos os casos– dunhas instalacións óptimas para facer as súas compras. Ao mesmo tempo, poténcianse os produtos locais e de quilómetro cero, favorecendo a súa comercialización.

Estes apoios da Xunta aos concellos rurais para mellorar as súas infraestruturas enmárcanse en estratexias europeas como as da Granxa á mesa, que apostan polo comercio local e de proximidade. Trátase de facilitar a venda do produto local fomentando a sustentabilidade da actividade agrogandeira tanto desde o punto de vista propiamente económico como social e ambiental.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA SALIENTA QUE A XUNTA EXECUTOU XA MÁIS DO 80 % DOS 1.300 M€ DE FONDOS ESTRUTURAIS PARA O PERÍODO 2014-2020**

- O presidente do Goberno galego salienta que isto proba que Galicia están sendo “áxil e dilixente” na xestión dos fondos comunitarios
- A estes 1.300 millóns hai que engadir 440 millóns de euros do fondo REACT, co cal o total de fondos de Galicia para este período ascende a 1.740 M€
- O Goberno galego executou o 80,1% dos recursos Feder e o 88 % dos recursos do Fondo Social Europeo
- A Administración autonómica xa ten comprometidos fondos por riba destes 1.300 millóns de euros e prevé que o total dos recursos serán executados en prazo, antes de finais do ano 2023

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno galego leva xa executado máis do 80% dos 1.300 millóns de euros de fondos estruturais correspondentes ao período 2014-2020, unha porcentaxe que, asegurou, supera o 95% se inclúense os “fondos executados e os comprometidos”. Ademais, a esta cantidade hai que engadir outros 440M € do fondo REACT destinados a reparar os danos económicos e sociais provocados pola COVID-19, dos cales tamén están “executados ou comprometidos unha alta porcentaxe”. “Galicia está sendo áxil e dilixente á hora de usar e xestionar os fondos comunitarios”, sinalou.

Durante a súa intervención, na que deu conta do Informe sobre a execución dos programas dos fondos estruturais 2014-2020 —presentado hoxe ao Consello da Xunta polo titular de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos—, Rueda lembrou a demora do Goberno central á hora de xestionar os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Neste sentido, subliñou que tanto Galicia como o resto de comunidades demandan unha maior “descentralización” da xestión dos fondos para que as propias autonomías poidan “facen as convocatorias, acaídas aos proxectos” de cada territorio.

O informe presentado hoxe no Consello indica que os 1.300 millóns de fondos estruturais programados —cuxo prazo de execución remata no mes de decembro do vindeiro ano 2023— se distribúen entre o Fondo de Desenvolvemento Rexional (Feder), dotado con 915 M€ ,destinado a potenciar a I+D+i, mellorar a competitividade das pemes, o ambiente ou favorecer a transición cara a unha economía baixa en carbono; o Fondo Social Europeo (FSE), con 322 M€, orientado a promover a sustentabilidade e a calidade do emprego, a inclusión social e a loita contra a pobreza ou á formación e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

educación; e o Programa de emprego xuvenil, cofinanciado co FSE, por importe de 62 M€, que ten como finalidade a formación e integración da mocidade no mercado laboral.

Neste momento, dos 915 M€ de Feder xa están executados 733 millóns, o que supón un 80,1% do total, mentres que dos recursos incluídos no FSE están executados 283 millóns de euros, é dicir, o 88 %. En canto ao Programa de emprego xuvenil, en día de hoxe executáronse 48 millóns (78 %).

En canto aos 440 millóns correspondentes ao REACT, 349 millóns son para executar actuacións dentro do programa Feder e 91 no do FSE. Neste marco, a Xunta executou e comprometeu xa o 70 % do REACT-Feder, así como o 99 % dos fondos asignados para o REACT-FSE.

Con este nivel de execución, e cos compromisos xa adquiridos por riba do 100 %, a Administración autonómica prevé que se executará o total destes recursos europeos no prazo previsto, que remata o 31 de decembro do ano 2023, o que permitirá o reembolso da totalidade dos fondos europeos estruturais do período 2014-2020.

### **Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR)**

Outra partida de fondos europeos que están tamén en execución, e que deben estar comprometidos antes de finalizar o ano 2023, son os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR). O total destes fondos no tramo de subvencións ascende a 77.234 millóns de euros.

Neste momento están asignados ás comunidades autónomas 22.170 millóns de euros aproximadamente. A parte correspondente a Galicia é de 1.285 millóns de euros, é dicir, o 5,8 %. Destes 1.285 M€, a Comunidade galega só recibiu do Estado 764 millóns de euros, o que sumado ao atraso na transferencia destes recursos por parte do Goberno de España dificulta a súa xestión e o avance dos proxectos galegos.

Porén, dos 764 millóns de euros transferidos ata o momento polo Estado a Galicia xa están en tramitación expedientes de gasto que mobilizarán o importe total destes fondos. E en día de hoxe os proxectos adxudicados ascenden a 250 millóns de euros, o 33 % do total.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA AGRUPA A INMUNIZACIÓN INFANTIL E DE ADULTOS NUN ÚNICO CALENDARIO DE VACINACIÓN PARA TODA A VIDA

- O Goberno galego incorpora as vacinas do virus do papiloma humano nos varóns de 12 anos, do meningococo B nos nenos de 2 e 4 meses e a da gripe nos nenos de 6 a 59 meses nesta nova estratexia de protección contra enfermidades infecciosas
- O novo calendario, que entrará en funcionamento o 15 de setembro, supón un aumento do investimento anual de case 5 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou na súa sesión de hoxe o novo Calendario de vacinación para toda a vida, que recolle todas as recomendacións e pautas de inmunización ordinaria para as persoas desde o seu nacemento ata a idade adulta, e que entrará en funcionamento o 15 de setembro. Esta nova estratexia de vacinación integra os calendarios infantil e de adultos que xa existían e inclúe novas vacinas, co que se incrementa a protección contra algunhas enfermidades infecciosas que se poden previr mediante a inmunización.

Así, o novo Calendario de vacinación para toda a vida incorpora os novos compromisos que adquiriu a Xunta o pasado mes de maio en prol de mellorar a saúde da cidadanía galega e inclúe a vacinación fronte ao virus do papiloma humano nos varóns de 12 anos; incorpora a vacina fronte ao Meningococo B e a vacina contra a gripe nos nenos de 6 a 59 meses.

Para facer fronte á incorporación destas novas vacinas ao novo calendario, a Xunta fará fronte a un incremento do investimento anual de preto de 5 millóns de euros, co que o investimento total para o ano 2023 da estratexia de vacinación da poboación superará os 23,6 millóns.

### **Máis protección e equidade no acceso ás vacinas da poboación galega**

O Calendario para toda a vida supón un cambio na mentalidade sobre a vacinación, pois pretende que esta non se vexa só como unha estratexia infantil e que se visualice como unha protección en todas as etapas da vida dunha persoa. O calendario inclúe novas vacinas e novos destinatarios de vacinas xa existentes, o que aumenta a protección e a equidade no acceso ás vacinas da poboación galega fronte a determinadas enfermidades transmisibles.

Entre as novidades que o calendario incorpora, está a vacinación fronte ao virus do papiloma humano nos varóns de 12 anos. A protección das nenas xa está instaurada

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desde hai anos na nosa Comunidade, pero non así a dos varóns. Por tanto, todos os nados a partir do 1 de xaneiro de 2010 recibirán a partir do 15 de setembro dúas doses desta vacina separadas en seis meses. A inclusión desta vacina supón un aumento do investimento anual de 1.350.000 euros.

Inclúese tamén a vacina fronte ao meningococo B, pois aínda que a vacina contra outros serotipos do meningococo xa estaba instaurada en Galicia, con esta nova incorporación auméntase a protección fronte a patoloxías pouco frecuentes pero moi graves como a meninxite provocada polo meningococo B, que ata o de agora non estaba financiada polo sistema sanitario público, salvo para algúns grupos de risco. Introducila no calendario vacinal vai aumentar tamén a equidade no seu acceso. A pauta inclúe a administración de dúas doses –aos 2 e 4 meses de idade– máis unha dose de recordo aos 12 meses. O comezo da súa administración será o 1 de novembro de 2022 nos nenos e nenas nados a partir do 1 de setembro de 2022. A inclusión desta vacina no calendario supón un aumento anual aproximado de 2.850.000 euros.

Por outra banda, decídese incluír a vacinación contra a gripe aos nenos e nenas entre os 6 e 59 meses de idade, xa que as taxas de hospitalización neste grupo de idade, incluíndo complicacións e infeccións, son altas. A vacinación na infancia diminúe tamén a enfermidade noutros grupos de idade ao reducir a transmisión dos nenos aos maiores. A inclusión desta vacina antigripal de forma sistemática para os nenos e nenas de 6 a 59 meses comezará xa na campaña de vacinación de gripe deste ano 2022. Facer fronte a esta extensión da vacinación supón un custo de 762.000 euros para o Goberno galego.

Ademais, no Calendario de vacinación para toda a vida incorpórase outra novidade: o aumento de protección fronte ao meningococo dos serotipos ACWY. Neste calendario, a vacina fronte a meningococo C indicada aos 12 meses de idade substituirase pola tetravalente, que inclúe os serotipos ACWY, do mesmo xeito que se fixera en 2019 coa vacina indicada para os 12 anos. O comezo da administración desta vacina será o 1 de novembro de 2022.

### **Programa galego de vacinación**

O Programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo de máis longa historia entre as actividades de saúde pública, cun amplo consenso respecto á súa efectividade e eficiencia. Non é un programa estático, senón que se actualiza e evoluciona en función das necesidades e da evidencia científica.

O novo Calendario de vacinación para toda a vida aborda estas necesidades e amosa a clara aposta do Goberno galego pola prevención das enfermidades infecciosas ao longo

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de todas as etapas dunha persoa, completando así o proceso que este goberno iniciou en 2017 coa aprobación do primeiro calendario vacinal para adultos e integrando agora este co infantil nunha única estratexia de prevención da enfermidade.

O Programa galego de vacinación ten un éxito contrastado, ao acadar niveis de cobertura superiores ao 90 % na maior parte das vacinas de calendario. Os últimos datos de coberturas de vacinación publicados polo Ministerio de Sanidade indican unha cobertura superior ao 96 % na vacina hexavalente fronte ao tétano, difteria, polio, hepatite B e outras dúas infeccións, mentres esta vacina acada unha cobertura dun 94,7 % na media nacional.

Lógranse porcentaxes semellantes na vacina fronte ao pneumococo (cun 96 % fronte ao 94,4 do conxunto do Estado) e aínda mellores na primeira dose do virus do papiloma humano, en que a cobertura do 99,9 % conseguida en Galicia contrasta coa media do 89,60 % no conxunto de España.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA